

24/08/2018 – 14.00 horas	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
27/08/2018 – 14.00 horas	Listado de admitidos e excluídos.
28/08/2018	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
29/08/2018 – 14.00 horas	Listado provisional
30/08/2018	Reclamación ao listado provisional
31/08/2018 – 14.00 horas	Listado definitivo
	Data probable de contratación: 01/09/2018 Duración do contrato: ata o 30/06/2019 Xornada laboral: Completa

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

- Fotocopia do DNI
- Declaración de Veracidade e Certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.
- Titulación mínima exigida: Calquera das seguintes titulacións: Título Superior de Piano (LOXSE); Título de Profesor Superior de Piano (Plan 1966); Título Superior de Jazz, instrumento principal Piano (LOXSE); Título Superior de Música (R.D. 631/2010), Especialidade de Interpretación, Itinerario de Piano.

2.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

- Experiencia profesional:

1.- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes, (Informe de vida laboral e copias dos contratos de traballo).

2.- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes, (Informe de vida laboral e copias dos contratos de traballo).

- Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33%, (1 punto) que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

- Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría, (máximo 3 puntos):

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en adiante	1,00 puntos/curso

- Titulación académica distinta á solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos
Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

- Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia, (só se valorará o grado superior alegado):

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos

OBSERVACIÓNS:

No caso de presentar a documentación noutros rexistros administrativos ou por Correos, será imprescindible que se remita por fax (988,41,19,00) copia completa da documentación entregada e selada pola correspondente administración receptora. Dito fax debe ser recibido no Concello de Verín antes das 14 horas do día que finaliza o prazo de presentación de instancias